


Dossier de presentación.

Cinema na Escola




Unha escena de cinema para a nosa contorna educativa.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Cinema na Escola



pero... isto que é?

Desde o Concello de A Coruña queremos presertarvos o programa "CINEMA NA ESCOLA". A nosa intención e achegar esta disciplina artística aos máis novos, aos centros e aos seus docentes, para que comprobemos de primeira man e a través do mundo da curtametraxe como as novas tecnoloxías facilitánnos o acceso a esta potente ferramenta, didáctica e experiencial. Unha actividade perfecta para poñer en valor o traballo integrador e de calidade, a creatividade e o manexo de tecnoloxías cotiás ao alcance de todos.

Formación, diversión e sa competencia co colofón final dunha gran gala de coidado formato hollywoodiense e vocación de referente. Un evento para forxar unha nova dimensión do tecido educativo e social en torno a un universo que a todos nos fixo soñar algunha vez: o cinema.


a quen vai dirixido?



A todos os centros de ensino público e concertados do noso concello, concretamente a todo o alumnado de 5º e 6º de Primaria e 1º, 2º, 3º e 4º de ESO e aos seus equipos docentes.



beneficios do cine na educación?



O cinema aplicado á aula converte a cada neno e nena en verdadeiro protagonista da aprendizaxe, xa que cada participante é capaz de desenvolver os seus talentos, traballar en equipo, desenvolver a súa creatividade, aprender a expresar emocións e contar historias.

O cinema, como sétima arte, está incluído dentro das aprendizaxes educativas **STEAM** (polas súas siglas en inglés: *Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñaría, Arte e Matemáticas*). Para iso é necesario traballar en equipo, elaborar un guión utilizando os recursos creativos e comunicativos necesarios, así como dominar os aspectos técnicos básicos en canto a son e imaxe para levar a cabo unha gravación, edición e montaxe.

“Cinema na Escola” repercute nunha serie de beneficios no alumnado e que, por ser materia de especial interese, provocará unha aprendizaxe cooperativa, é dicir, unha aprendizaxe directa e indirecta por parte do alumnado participante, froito de compartir experiencias. Desta forma, as vantaxes na aprendizaxe do alumnado participante son as seguintes:

En canto aos conceptos: a análise da linguaxe en todas as súas vertentes (visual, cinematográfico, dramático...), os conceptos cinematográficos clave como a imaxe e o son, a adquisición de coñecementos transversais, ou o desenvolvemento da creatividade.

En relación cos procedementos destaca o traballo en equipo, pero, ademais, o esforzo individual, o diálogo, a redacción, a aplicación de técnicas cinematográficas na rodaxe e a edición e montaxe final.

Respecto a as actitudes: está orientado á cooperación para a aprendizaxe, a expresión de emocións, a empatía, a capacidade de chegar a acordos, a responsabilidade e a creatividade.

Do mesmo xeito, os equipos docentes tamén asisten á formación polo que o ensino vese directamente beneficiada con ferramentas pedagóxicas en materia de cinema, con vantaxes no ensino como as seguintes:

Clima lúdico e dinámico na aula. Alumnado protagonista no proceso creativo. Traballo en equipo e mellora da relación entre o profesorado e o seu alumnado. Responsabilidade e proactividad por parte do alumnado. Aprendizaxe cooperativo. Xestión dos tempos no proceso creativo e avaliación de habilidades en formato diferente ao habitual.


Pola súa accesibilidade, o interese pedagóxico, transversal e integrador de diferentes talentos, e a motivación intrínseca que esperta no alumnado, “Cinema na Escola” representa unha aprendizaxe de Óscar.

liña de tempo do proxecto



Inscripción gratuíta dos centros educativos:

Cada centro realizará a inscrición desde a páxina web de do concello entre o 15 de setembro e o 30 de outubro. Cada centro educativo poderá inscribir, como máximo tres equipos participantes por curso e 6 equipos entre todas as idades. Cada equipo estará coordinado por un/a formador/a.



Formación a formadores: Tras a inscrición realizarase unha formación de carácter telemático obrigatorio na que se explicarán todas as nocións relativas ao proceso creativo dunha curtametraxe (ver o epígrafe correspondente máis abaixo). Tutoría presencial no centro de ensino para resolver dúbidas e axudar no proceso de produción das curtas.




Creación das curtametraxes: Unha vez finalizada a fase de formación os equipos poderán comezar o seu traballo de guionización, gravación, edición e montaxe final. Durante todo o proceso a organización estará dispoñible para resolver calquera dúbida e axudar tele-máticamente aos equipos.

Entrega das curtametraxes: As curtas deberán presentarse a través das canles telemáticas habilitadas con data toe 1 de Abril.

Especificaranse os formatos admitidos, a duración máxima e mínima e todos os aspectos técnicos durante a formación.





Deliberación do xurado. Todas as persoas que formen parte do xurado serán personalidades relevantes da escena cinematográfica galega e estarán previamente formadas para a estandarización do criterio. O xurado proporciona unha selección de catro proxectos finalistas como candidatos a cada un dos premios. Proporcionará tamén, de forma secreta e en sobres lacrados o nome da curtametraxe gañadora de cada premio.



**Mellor película / Mellor actriz / Mellor actor / Mellor guión /
Mellor fotografía / Melloras efectos visuais /
Mellor edición de vídeo / Mellor edición de audio.**



Presentación pública dos nomeamentos. Realizarase a través da web do concello con acceso público ás curtametraxes e materiais de prensa.

O premio do público. A partires deste intre e ata a véspera da Gala de entrega de premios, o público poderá votar a través da web o seu curto favorito. (Resultado oculto).



Gala Entrega de Premios: Alfombra vermella, focos e moitos nervios para o gran día da entrega de premios. A realizar nun teatro ou auditorio de xestión municipal. Asistirán os equipos nomeados como candidatos a calquera dos premios, representacións do resto de equipos ou centros, o xurado, autoridades, a organización, a prensa e quen así o desexe ata completar aforo. Poderemos gozar dalgúns dos mellores fragmentos das devanditas curtas nun acto cheo de sorpresas e formato hollywoodiense presentado por algún coñecido cómico, no que a sa competición forxe un espazo anual lúdico de aprendizaxe conxunta... e diversión. Mes de Xuño, case o final de curso viralles ben unha pequena “festa” do cinema.

Presentación do material audiovisual da gala filmado en formato multicámara, como recordo para todos os participantes e como material de arquivo.

formación



Os centros participantes que completasen con éxito a fase de inscrición, recibirán por unha banda un módulo de formación orientado ao profesorado que coordine a actividade, acceso a material exclusivo de “videotutoriais” e por último, acceso directo ao equipo técnico para resolver dúbidas ao longo de toda a fase creativa (mail 24h e teléfono en horario de oficina).


O módulo de formación constará de 2 sesión de 90 minutos online onde se abordarán os seguintes aspectos:

BLOQUE 1: Luces



A idea: Orientando a tormenta de ideas para que a súa electricidade ilumine as nosas lámpadas de forma estable. **Horizontes de viabilidade:** A importancia do punto de partida: convertendo as nosas debilidades en fortalezas. **A Sinopse:** Elaboración dun resumo descritivo de personaxes e situacións. As mellores historias do cinema nun pano de mesa. **O guion literario:** Construindo unha nova realidade. Tempos e manexos do fluxo narrativo: Usos do trigo e da palla. **Posta a proba,** lectura en grupo. **Elección do equipo técnico e artístico.** Criterios e talentos. Importancia do traballo en equipo e da parte invisible. (Non confundir co casting).

BLOQUE 2: Cámara




Técnicas: encadres, uso e materiais de luz e son. Enxeño para un “horizonte 0€”. **Guion técnico e storyboard:** a novela gráfica como paso previo. **O casting:** criterios e dinámicas. Primeiro cara a cara coa cámara.

BLOQUE 3: Acción



Ensaíos: co elenco e co equipo técnico. **O plan de rodaxe:** Optimización dos recursos de tempo, humanos e técnicos. **A rodaxe:** a claqueta e a xeración de bruto ordenado e catalogado. **Edición e montaxe:** Audio e vídeo, técnicas básicas en software de libre acceso. **Tratamento de imaxe, sonorización e músicas.**



conclusión

Existen certas actividades que vertebran o recordo de xeracións enteiras, que capturan no tempo o fotograma de proxectos selados cun sorriso, ...e que se plasman en formatos que resisten ao tempo e constrúen identidades. Con “Cinema na Escola”, soñamos con iso... e con que o achegamento de centos de alumnas e alumnos ao mundo do cinema, o noso cinema, esperte vocacións e nos regale figuras de gran talla que poidan mirar atrás, como nun flashback, e lembren que o primeiro premio que recibiron... foi este!

Facémolo posible xuntos?

